



Actividades

rodeira



**LER
PARA
SABER**

Actividades

1. Completa a ficha bibliográfica do libro.

Título:
Autor/a:
Ilustrador/a:
Editorial:
Colección:
Ano de edición:
Lugar de edición:
ISBN:
Número de páxinas:

2. O primeiro capítulo do libro titúlase *Madán Lamboné*, e preséntanos unha das personaxes.

* Por que lle chaman *Madán Lamboné*?

* A quen odia *Madán Lamboné*?

* Onde quería estudar e vivir?

* Que estudos fixo?

* Que carácter ten?

3. Segundo a descrición que liches no libro da tenda propiedade de Madán Lamboné, debuxa como cres que é.



* Que venden nesta tenda?

* Cal é a túa lambonada preferida? Fai unha pequena descrición e explica o seu sabor.

4. Os protagonistas da novela son catro amigos: como se chaman?

* Que idade teñen?

* Saberías identificar cada un deles no seguinte debuxo? Escribe o nome debaixo de cada personaxe e explica por que cres que son eles.






5. *O Club dos Catro Emes* é o título do libro.

* Por que cres que o autor lle puxo este nome?

* Que membro do grupo inventa o nome? Por que?

* Cal é o símbolo do club?

* Debuxa o símbolo do Club dos Catro Emes.



6. Os membros do Club dos Catro Emes pásano ben gastándolle bromas a Madán Lamboné e teñen un plan para facelo, pero un día píllanos.

* Cal é o plan que utilizan?

* Que pasa o día en que Manuel está enfermo e as rapazas queren volver gastarlle a broma de sempre?

* Que castigo lles poñen seus pais pola trasnada na tenda das lambonadas?

7. Durante toda a lectura do libro aparecen moitos refráns e ditos populares. Relaciona cada un destes co seu significado.

Non dicir nin mu	Quedar sen saber que facer
Poñerlle freo a alguén	Parar alguén para que deixe de facer algo prexudicial
Ser do ano da pera	Chorar moitísimo
Quitar de enriba aquel problemón	Quedar calado
Andar coa mosca detrás da orella	Sospeitar de algo
Chorar ás cuncas	Librarse dun asunto
Quedar con cara de paspán	Ser antigo

* Escribe tres refráns que coñezas e explica o seu significado.

-
-
-

8. A Madán Lamboné gústalle moito París, os seus monumentos, a súa xente, o idioma etc. O francés foi sempre a súa materia pendente, pero ela intenta utilizalo sempre que pode.

* Deseguido, debes buscar estas palabras nun dicionario ou nun tradutor en liña e escribilas en francés.

• Por favor •

• Grazas •

• Ola •

• Adeus •

• Señor •

• Señora •

* Escribe tres palabras en francés e a súa tradución.

1•


2•

3•

9. Seguimos falando de París, xa que en moitas ocasións se fai referencia a diferentes monumentos que hai nesta cidade. Deseguido, hai unhas fotos de lugares emblemáticos desta cidade.

Escribe debaixo de cada imaxe o nome que lle corresponde.

- A TORRE EIFFEL • O ARCO DE TRIUNFO • MONTMARTRE • O MUSEO DO LOUVRE
- OS CAMPOS ELÍSEOS • A CATEDRAL DE NOTRE DAME



10. Marca a opción correcta sobre os diferentes personaxes que aparecen na novela.

- * Lulú é...
 - a. A amiga de Madán Lamboné.
 - b. A profesora do colexio.
 - c. Unha cadeliña.

- * Eloi é...
 - a. O pai de Manuel.
 - b. O amigo de Matilde.
 - c. O señor Lamboné.

- * Perruque é...
 - a. Amigo do fillo de Madán Lamboné.
 - b. Amigo de Manuel.
 - c. Amigo de Pepón.

- * Pepón é...
 - a. O irmán de Manuel.
 - b. O irmán de Perruque.
 - b. O irmán de María Alcón.

- * As dúas Marías son...
 - a. Irmáns xemeglas.
 - b. Amigas do colexio.
 - c. Primas de Matilde.

11. Explica brevemente o segredo de Perruque, como foi a súa infancia e como Madán Lamboné lle axudou no colexio.

12. Contesta as seguintes afirmacións sobre o contido do libro, con «V» se son verdadeiras e con «F» se son falsas.

- Os rapaces atopan a Madán Lamboné na tenda vendo unha película e chorando.
- Mesié Lasurrí é un gran comercial que gaña moitos cartos.
- Lulú é unha cadeliña feliz que sempre está xogando no parque.
- O señor Lamboné dedícase a vender os obxectos de valor da súa muller.
- Os rapaces queren secuestrar a Lulú e pedir un rescate por ela.
- Manuel é un rapaz introvertido ao que non lle gusta falar.
- O plan de Perruque consiste en chamar a policía para que cerren a casa de apostas.
- Pepón e Charlie apúntanse ao plan para asustar a Eloi.

13. O Club dos Catro Emes quería abordar a Perruque para gañar a súa simpatía e que lles axudase a darlle un escarmento ao señor Lamboné. Tiñan varios plans que ensaiaron mil veces para acercarse a Perruque e empezar a falar con el, pero no último momento a todos lles deu vergonza facelo.

- * Algunha vez sentiches vergoña ao falar con alguén que non coñeces? Explica un momento no que sentises vergoña.

14. O señor Lamboné vendía os obxectos de valor da súa muller porque necesitaba cartos para pagar as súas débedas.

* Que tipo de débedas tiña?

* Que queren facer os rapaces para que deixe a súa adicción ao xogo?

* A quen lle piden axuda?

15. Cal é o plan de Perruque? Rodea a resposta correcta.

- O plan de Perruque consiste en facerlle crer que a xente á que lle vende as cousas quere que lles devolva os cartos porque os obxectos son falsos.
- O plan de Perruque consiste en facerlle crer que gañou unha grande aposta na lotería e que é moi rico.
- O plan de Perruque consiste en facerlle crer que a policía sabe toda a verdade e que se non deixa o xogo o encerrarán no cárcere.

16. Madán Lamboné estaba ao tanto de todo o que se planeara para darlle un escarmento ao seu marido. Cando o señor Lamboné está morto de medo encima do tellado dun xogo infantil, os catro rapaces vana buscar para que o tranquilice.

* Como reacciona Madán Lamboné co seu marido? Amósase enfadada ou comprensiva?

* Dille que non o quere volver ver ou acompañao á casa?

* Como reacciona cando ve os rapaces? Con reproches e rancor ou cunha mirada cariñosa?

17. O epílogo dun libro é a parte que recolle as conclusións e que determina os últimos acontecementos da historia.

Esta novela podería rematar no capítulo 20, pero o autor preferiu facer o epílogo.

* Como che gustaría que acabase a historia? Razona a túa resposta.

18. Fai unha valoración crítica desta novela que acabas de ler:

* Cres que esta historia pode ser real? Por que?

* Gustouche? Razona a túa resposta.

* Recomendarías este libro? Por que?